

Resolución do 29 de outubro de 2022, do tribunal designado pola Resolución do 13 de setembro de 2022 (DOG núm. 178 do 19 de setembro) para cualificar o proceso selectivo de acceso por oposición libre e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocados mediante a Orde do 26 de xullo de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 153, do 11 de agosto)., pola que se fai pública a listaxe provisional de cualificacións do primeiro exercicio do proceso por orde decrecente de puntuación, a listaxe de cualificacións do segundo exercicio das persoas que resultaron aptas no primeiro exercicio e non estaban exentas da realización do segundo exercicio e se fai público o lugar e data de realización do terceiro exercicio do proceso (probas físicas).

En sesións que tiveron lugar o 27, 28 e 29 de outubro de 2022 o Tribunal designado pola Resolución do 13 de setembro de 2022 (DOG núm. 178 do 19 de setembro) para cualificar o proceso selectivo de acceso por oposición libre e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocados mediante a Orde do 26 de xullo de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 153, do 11 de agosto)

ACORDOU

Primeiro. O día 24 de outubro de 2022 tivo lugar o primeiro exercicio (proba de coñecementos, tipo test) e o segundo exercicio (proba de coñecemento da lingua galega) do proceso selectivo, e rematados estes, publicáronse os dous enunciados e a folla de respostas consideradas correctas nas preguntas do primeiro exercicio. Douse un prazo de dous días (25 e 26 de outubro) para presentar alegacións por parte das persoas aspirantes.

Transcorrido o prazo anterior e recibidas as alegacións e reclamacións, reúnese o tribunal para a súa valoración.

Segundo: O tribunal acorda en sesión do 27 de outubro de 2022:

- Anular as preguntas números 104, 105 e 106 do cuestionario.
- Cambiar a resposta da pregunta número 31 do cuestionario. A resposta correcta nesta pregunta é a D.
- Anular as seguintes preguntas: pregunta número 33, que pasa a ser substituída pola pregunta número 101; pregunta número 56, que pasa a ser substituída pola pregunta número 102; pregunta número 66, que pasa a ser substituída pola pregunta número 103; pregunta número 68, que pasa a ser substituída pola pregunta número 107; pregunta número 73, que pasa a ser substituída pola pregunta número 108; pregunta número 90, que pasa a ser substituída pola pregunta número 109.

Desestimar na súa totalidade o resto de reclamación e alegacións presentadas e proceder á corrección dos exames do primeiro exercicio en sesión que tivo lugar o 28 de outubro de 2022.

Segundo o establecido nas bases da convocatoria, acórdase publicar na sede da Agasp e na súa páxina web, como Anexo I a esta resolución, a listaxe das persoas aspirantes coas cualificacións obtidas no primeiro exercicio por orde decrecente de puntuación.

As persoas aspirantes que non figuran nesta listaxe quedan eliminadas por non presentarse ao exercicio.

Terceiro. Publicar na sede da Agasp e na súa páxina web, como Anexo II a esta resolución, a listaxe das persoas aspirantes convocadas á realización do segundo exercicio, que superaron o primeiro exercicio e declaradas aptas na proba de coñecemento da lingua galega.

As persoas aspirantes que non figuran nesta listaxe quedan eliminadas por non presentarse ao exercicio.

Cuarto. De acordo co establecido nas bases da convocatoria, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas a súa cualificación, no prazo de cinco días que se contarán dende a publicación desta resolución. Para a presentación das alegacións deben terse en conta os seguintes aspectos:

a)As alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal.

No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a dita sede electrónica da Xunta de Galicia permitelles ás persoas interesadas facer trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo a Carpeta do cidadán da persoa interesada.

No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera por calquera outro medio accedendo á sede electrónica da Xunta de Galicia (sede.xunta.gal) e presentando o modelo PR004A, que se dirixirá á Academia Galega de Seguridade Pública.

b)Non obstante, cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

No caso de presentarse a alegación por calquera medio diferente da sede electrónica da Xunta de Galicia, **deberá remitirse** unha copia da alegación presentada e do xustificante da súa presentación ao enderezo electrónico seleccion.agasp@xunta.gal antes das 23:59 do 7 de novembro de 2022.

c)Cando as alegacións se refiran a discrepancias coa cualificación outorgada **deberase indicar** claramente as preguntas concretas que a persoa interesada considera que fallou ou non contestou para poder comprobar a procedencia ou non da alegación.

Quinto. O terceiro exercicio do proceso, correspondente ás probas físicas terá lugar os vindeiros 16 e 17 de novembro de 2022, no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, nos horarios e coas condicións que se publicarán na páxina web da Agasp.

En A Estrada, 29 de outubro de 2022
A Presidenta do Tribunal

María Rey Rivera

